

Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene (A Coruña)

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 05.06.2025, adoptou o seguinte acordo:

"7. Aprobación, se procede, do Plan Económico Financeiro 2025-2026, Proposta 2025/G006/000162"

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que obtivo o ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 26.05.2025, logo de obter 4 votos a favor (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Grupo Mixto Municipal) e 5 abstencións (3 do grupo municipal do Partido Popular e 2 do grupo municipal Socialista), que transcrita di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Exp. 2025/G006/000162

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE FENE 2025/2026

A liquidación do orzamento do exercicio 2024 apróbase mediante Resolución da Alcaldía núm. 203/2025 de data 28 de febreiro de 2025. No informe de intervención emitido como consecuencia da aprobación da liquidación conséntase un incumprimento da estabilidade orzamentaria por importe de 1.042.106,90 euros o que obriga de conformidade co recollido na Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF) á elaboración e aprobación dun Plan Económico Financeiro que lle permita ao Concello recuperar a situación de estabilidade orzamentaria con ocasión da liquidación do orzamento do exercicio 2025.

A estes efectos, o Concello elabora un Plan Económico Financeiro que se acompaña como anexo á presente proposta, considerando como así informa a intervención municipal, que dito plan cumpre as esixencias recollidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, así como tamén o disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Fene nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal, ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación PEFEL habilitada na Oficina Virtual das entidades locais, á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia así como á Comisión Nacional da Administración Local.

TERCEIRO.- Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.

Fene, 19 de maio de 2025.

A alcalesa,
Alejandra Permuy Meizoso

ANEXO

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE FENE 2025/2026

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Contido e tramitación.
3. Situación actual.
4. Xustificación do incumprimento.
5. Medidas a adoptar para corrixir a situación.

6. Previsión de evolución das magnitudes económicas e orzamentarias.
7. Seguimento e control.

1. INTRODUCCIÓN.

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF), establece no seu artigo 3 que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. Nel defínese a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11.4 da LOEPSF establece que “as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”.

O artigo 12 da LOEPSF regula a regra fiscal “regra de gasto”, sinalando que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito hai que ter presente a obrigatoriedade de cumprir co principio de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 203-25, de data 28 de febreiro de 2025 aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2024. Con carácter previo a esta resolución e logo das actuacións do peche contable, a Intervención municipal elaborou nesa mesma data de 28 de febreiro de 2025 o preceptivo informe correspondente ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, coas seguintes conclusións:

1.- AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Dereitos recoñecidos capítulos I a VII orzamento corrente	12.704.770,24 €
b) Obrigas recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente	13.174.486,72 €
c) TOTAL (a - b)	- 469.716,48 €
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	0,00 €
2) Axustes recadación capítulo 2	-30.560,33 €
3) Axustes recadación capítulo 3	-172.212,98 €
4) Axuste por devolución PIE negativa 2020	162.491,31 €
11) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	-532.108,42 €
d) Total axustes liquidación 2020	-572.390,42 €

CONCEPTOS	IMPORTES
e) Axuste por operacións internas	0,00 €
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (c + d + e)	-1.042.106,90 €

Así pois, NON SE CUMPRE CO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

2.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO.

Conforme ao art. 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril), temos que “A variación do gasto computable da Administración Central, as Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española”, e a continuación, sinala que “Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.

Ese nivel de gasto computable inicial poderá logo aumentarse ou minorarse na contía resultante dos incrementos ou minoracións permanentes de recadación derivados de cambios normativos.

GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN:

Gasto computable 2023	IMPORTES
1. Suma ORN capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	13.200.032,37 €
2. Axustes SEC (pendente de aplicar)	-875.088,60 €
3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	12.324.943,77 €
4. Gasto financiado con fondos finalistas (-)-MODELO IB12 EXEC. TRIM 4T23	-1.317.151,88 €
5. Total Gasto computable Liquidación 2023	11.007.791,89 €

Gasto computable 2024	IMPORTES
1. Suma ORN capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	13.173.454,09 €
2. Axustes SEC	-532.108,42 €
3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	12.641.345,67 €
4. Gasto financiado con fondos finalistas (-) MODELO IB12 EXEC. TRIM 4T24	-2.385.105,62 €
5. Total Gasto computable Liquidación 2022-Límite regra de gasto	10.256.240,05 €

Comparando o gasto computable Liquidación 2023 (11.007.791,89€) e o gasto computable Liquidación 2024 (10.256.240,05€) dedúcese o CUMPRIMENTO do límite da regra de gasto.

3.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DA DÉBEDA.

O artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012 establece a obriga de non superar o límite de débeda pública, fixada para o conxunto das entidades locais.

Unha importante cuestión a dilucidar sería cal é o obxectivo de débeda para cada Entidade Local individualmente considerada. Se coñece o límite que para cada ano se marca con relación o PIB, pero non aclara a normativa como se concreta este límite na súa aplicación individualizada a cada entidade local; podería ser o 110% dos ingresos correntes liquidados (límite previsto no TRLFL para concertar novas operacións de endebedamento), 75% (límite para concertar novas operacións sen necesidade de autorización), ou calquera outro.

Esta cuestión debe determinarse con claridade por parte do Ministerio de Facenda, tendo en conta as múltiples implicacións que leva, entre outras a obriga do Interventor de emitir informe sobre o cumprimento do obxectivo de débeda, con carácter trimestral de acordo coa Orde HAP/2105/2012.

Difícilmente pódese emitir o citado informe sen a certeza de cal é este obxectivo de débeda.

Segundo resulta da Liquidación do exercicio 2024, o importe de débeda financeira viva a 31/12/2024 ascende a contía de 990.720,03€. Tendo en conta os ingresos correntes consolidados derivados da Liquidación do Orzamento do Concello para o exercicio 2024, que ascenden a 12.234.059,23€, a porcentaxe de endebedamento resultante da Liquidación do exercicio 2024 ascende o 8,10%.

CÚMPRESE CO OBXECTIVO DE LÍMITE DA DÉBEDA.

En definitiva, e á vista do anterior e tendo en conta os incumprimentos producidos na execución do orzamento do exercicio 2024, en aplicación do disposto na LOEPSF, procede a elaboración dun Plan Económico-Financeiro (PEF) que lle permita ao Concello no ano en curso (ano 2025) e o seguinte (ano 2026) o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN.

Segundo o establecido no artigo 21.2 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido, ou no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos ou gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ademais, terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

- a) Supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir ou seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro na mesma provincia.

En canto á súa tramitación, conforme ao artigo 23 da LOEPSF, terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

- a) Presentación do Plan Económico-Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.
- b) Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.

- c) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.
d) Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.
e) Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.

3. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL.

3.1.- A liquidación do orzamento municipal do exercicio 2024 ofrece as seguintes magnitudes:

I.- RESULTADO ORZAMENTARIO 2024.

Concepto	DR Netos	OR netas	Axustes	Resultado orzamentario
a) Operacións correntes	12.234.059,23 €	12.130.306,90 €		103.752,33 €
b) Operacións de capital	470.711,01 €	1.044.179,82 €		-573.468,81 €
1. Total ops. non financeiras (a+b)	12.704.770,24 €	13.174.486,72 €		-469.716,48 €
c) Activos financeiros	20.514,05 €	15.404,09 €		
d) Pasivos financeiros	176.787,05 €			176.787,05 €
2. Total operacións financeiras (c+d)	197.301,10 €	15.404,09 €		181.897,01 €
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	12.902.071,34 €	13.189.890,81 €		-287.819,47 €
AXUSTES:				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais +			221.682,17 €	
5. Desviación de financiamento negativas do exercicio +			980.384,97€	
6. Desviación de financiamento positivas do exercicio -			560.604,81 €	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO 2024				353.642,86 €

II.- ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA 2024.

1 (+)	FONDOS LÍQUIDOS		446.963,51 €
2 (+)	DEREITOS PENDENTES COBRO A FIN EXERCICIO		1.259.813,75 €
	(+) De ppto. de ingresos. Ppto. corrente	515.440,10 €	
	(+) De ppto. de Ingresos. Pptos. pechados	578.451,08 €	
	(+) De operacións non orzamentarias	165.922,57 €	
3 (-)	OBRIGAS PENDENTES PAGO FIN A EXERCICIO		990.250,29 €
	(+) De ppto. de Gastos. Ppto. corrente	655.942,16 €	
	(+) De ppto. de Gastos. Pptos. pechados	29.543,72 €	
	(+) De operacións no Orzamentarias	304.764,41 €	
4 (+)	PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		46.193,96 €
	(-) Cobros realizados ptes. aplic. definitiva	49.717,47 €	
	(+) Pagos realizados ptes. aplic. definitiva	3.523,51 €	
I.	REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		670.333,01 €
II.	Saldos de dubidoso cobro	474.979,15 €	
III.	Exceso de financiamento afectada	279.021,24 €	
IV.	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		-83.667,38 €
V.	SALDO DE OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO		2.126.565,61 €

III.- AFORRO NETO 2024.

Por AFORRO NETO conforme ao establecido no artigo 53.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se entende a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5 do estado de ingresos, e as obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos, minorados no importe da anualidade teórica de amortización dos préstamos pendentes de reembolso.

AFORRO NETO	
+ Ingresos correntes capítulos I a V	12.234.059,23 €
- Gastos correntes capítulos I, II y IV	12.129.274,27 €
- Anualidade Teórica de Amortización	90.638,97 €
AFORRO NETO POSITIVO	14.145,99 €

4. XUSTIFICACIÓN DO INCUMPRIMENTO.

A situación de incumprimento da estabilidade orzamentaria coa liquidación do orzamento do exercicio de 2024 ven motivada por un exceso de gasto respecto aos ingresos obtidos.

O importe das obrigas recoñecidas é de 13.189.890,81€ e dos dereitos recoñecidos 12.902.071,34€. Ao que se suma un gasto de 2.126.565,61€, importe das obrigas pendentes de imputar ao exercicio por falta de crédito orzamentario.

Examinando o resultado orzamentario para o que se toman en consideración eses capítulos 1 a 7 tanto do estado de ingresos como do estado de gastos, dos exercicios anteriores de 2021 a 2023, obtemos os seguintes datos:

Exercicio	DR Netos	OR netas	Obrigas pendentes de imputar a 31-12	Resultado orzamentario
2021	12.361.929,13 €	12.221.418,92 €	93.678,87 €	140.510,21 €
2022	12.315.180,15 €	12.199.718,58 €	709.449,59 €	115.461,57 €
2023	12.408.528,81 €	13.217.225,35 €	1.584.457,19 €	-808.696,54 €
2024	12.902.071,34 €	13.189.890,81 €	2.126.565,61 €	-287.819,47 €

Vemos que mentres que nos ingresos apenas hai incremento o gasto corrente do Concello sufriu un forte incremento nos exercicios 22 a 24, tendo en conta ademais das obrigas recoñecidas o gasto realizado que quedou pendente de imputación orzamentaria.

É dicir, estamos diante dun déficit estrutural xa que existe insuficiencia de ingresos para cubrir os gastos realizados cada ano e dita insuficiencia persiste durante un longo período de anos 22, 23 e 24.

5. MEDIDAS A ADOPTAR.

Acreditadas as causas do incumprimento da regra da estabilidade orzamentaria, as medidas propostas para conseguir o cumprimento da mesma e volta á senda da estabilidade no actual exercicio 2025 e no ano 2026, son as seguintes:

- Incrementos permanentes de recadación, nomeadamente dos ingresos correntes que dependen da Entidade Local, mediante a modificación das súas ordenanzas fiscais.
- Contención do gasto e licitacións dos diversos servizos municipais, que vai incidir nunha maior competencia na oferta de provedores e unha mellor planificación na eficiencia do gasto.
- Aprobar o orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria é a regra do gasto, xestionando coa máxima atención o cumprimento destas regras.

Na medida relativa ao incremento de ingresos correntes, sinalar:

- A ordenanza fiscal núm. 19, reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal foi modificada polo acordo plenario de 28.10.2022, publicado o seu texto definitivo no BOP núm. 247/2022 do 30 de decembro.

O establecemento da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal foi aprobado por acordo plenario do 29.12.2014,

sendo publicado definitivamente, xunto co texto íntegro da ordenanza, no BOP núm. 40 do 2 de marzo de 2015. Como se indicou, a ordenanza foi modificada polo acordo plenario de 28.10.2022 e publicado o seu texto definitivo no BOP núm. 247/2022 do 30 de decembro. Agora ben, esta taxa non fora liquidada con anterioridade e foi mediante a resolución da Alcaldía 1304/2024 do 8 de outubro cando se aprobou o primeiro padrón que se puxo ao cobro e que se corresponde co primeiro trimestre de 2021. A recadación voluntaria e executiva do padrón desta taxa está delegada na Deputación da Coruña e entrou en vigor coa publicación do acordo plenario de aceptación da delegación no BOP núm. 193/2024, do 7 de outubro. O primeiro padrón, de devindicación trimestral, foi aprobado por importe de 140.579,60€.

As previsións para o ano 2025 son aprobar e poñer ao cobro, conxuntamente coa Deputación da Coruña, no primeiro trimestre do ano os 3 padróns pendentes do exercicio 2021 e no terceiro trimestre os 4 correspondentes ao ano 2022. Aínda que o cálculo das cotas tributarias efectúase en función do consumo de auga do enderezo tributario, podemos facer unha extrapolación dos datos que temos respecto deste primeiro padrón. Teremos en conta neste punto que hai pendentes de resolver recursos fronte o dito padrón, que poderían supoñer a anulación de recibos e, polo tanto, unha diminución do importe total do padrón. Deste xeito, calcúlase un importe de 100.000€ por trimestre, o que faría un total de 700.000,00€ polos 7 trimestres.

As previsións para o ano 2026 serían de 800.000€ correspondentes aos padróns dos exercicios 2023 e 2024.

- A ordenanza núm. 18 reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, foi aprobada definitivamente polo acordo plenario do 30.12.2024 e publicada no BOP núm. 251/2024 do 31 de decembro.

A taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, a modificación da ordenanza foi publicada no BOP núm. 251/2024 do 31 de decembro. Esta modificación supuxo un incremento das tarifas establecidas para as vivendas. O padrón de 2024 foi aprobado por un importe total de 638.181,79€, se tomamos en consideración o mesmo número de recibos e a súa tipoloxía, o padrón de 2025 incrementárase na contía de 257.467,61€, o que supón un importe total de 895.649,40€ que se manterá no exercicio 2026.

Estes incrementos permanentes de recadación –consecuencia das modificacións das ordenanzas fiscais antes sinaladas– e que se cuantifican na cantidade total de 957.467,61€ xa se recollen no orzamento de 2025, que foi aprobado inicialmente polo Pleno con data de 21 de abril de 2025.

Na medida relativa á redución de gastos correntes, sinalar:

- O 10.04.2025 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato de servizos “Traballos de roza de vías e camiños municipais nas parroquias do Concello de Fene” á entidade Contratas Ancar SL por un importe anual de 97.020,00€.

- Durante o exercicio 2025 licitaranse varios servizos e subministracións que permitiran un aforro importante de gasto corrente (escolas deportivas e culturais, limpeza colexios, subministración eléctrica, etc.)

- O aforro anual estimado derivado das distintas licitacións e da contención xeral no gasto é de 1.116.322,79€. Unha baixa que representaría a metade do gasto en electricidade asumido polo Concello no 2024.

Se ben agardase que a baixa do gasto corrente se produza en varias áreas de gasto, a maior redución será en electricidade non só pola licitación da subministración senón pola racionalización que o Concello vai levar a cabo respecto a dita subministración.

O gasto de enerxía eléctrica sufriu un incremento do 304% dende o ano 2021, pasando de 736.541,80€ no exercicio 2021 a 1.439.103,77€ a fin do 2024 que engadindo o gasto que quedou pendente de imputación orzamentaria (aprobado no 2025 nun expediente e recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 793.541,80€) suma un total de 2.232.645,57€. Dito incremento, gradual ao longo dos derradeiros catro anos, está a condicionar o resto de gastos correntes do Concello, chegando na actualidade a unha situación insostible. É obxectivo primordial deste Goberno reducir o gasto tanto coa licitación da subministración así como ca análise da situación actual para reverter o citado incremento.

Esta redución de gasto que se cuantifican na cantidade total de 1.116.322,79€ xa se recolle no orzamento de 2025, que foi aprobado inicialmente polo Pleno con data de 21 de abril de 2025.

6. PREVISIÓN DE EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS.

Con base na liquidación de 2024 e á vista por un lado das modificacións das ordenanzas fiscais xa aprobadas, e en consecuencia dos incrementos permanentes de recadación, e por outro das previsións dos gastos, temos o seguinte escenario de previsión orzamentaria para o período 2025-2026:

- Estabilidade orzamentaria:

Entidade	Exercicio 2025		
Código	Capacidade/necesidade financiamento tendencial	Efecto medidas do PEF	Capacidade/necesidade financiamento PEF
11-15-035-AA-000	-1.042.106,90 €	2.073.790,40 €	1.031.683,50 €
TOTAL: Obxectivo do PEF:	-1.042.106,90 €	2.073.790,40 €	1.031.683,50 €
Entidade	Exercicio 2026		
Código	Capacidade/necesidade financiamento tendencial	Efecto medidas do PEF	Capacidade/necesidade financiamento PEF
11-15-035-AA-000	-1.042.106,90 €	2.173.790,40 €	1.131.683,50 €
TOTAL: Obxectivo do PEF:	-1.042.106,90 €	2.173.790,40 €	1.131.683,50 €

- Regra de gasto:

Entidade	Exercicio 2025		
Código	Estimación de Gasto computable a liquidación aplicadas as medidas do PEF	Límite da regra de gasto do PEF	Cumprimento / Incumprimento regra gasto PEF
11-15-035-AA-000	10.004.087,76 €	12.433.731,29 €	2.429.643,53 €
TOTAL: Obxectivo do PEF:	10.004.087,76 €	12.433.731,29 €	2.429.643,53 €
Entidade	Exercicio 2026		
Código	Estimación de Gasto computable a liquidación aplicadas as medidas do PEF	Límite da regra de gasto do PEF	Cumprimento / Incumprimento regra gasto PEF
11-15-035-AA-000	10.004.087,76 €	11.391.690,27 €	1.387.602,51 €
TOTAL: Obxectivo do PEF:	10.004.087,76 €	11.391.690,27 €	1.387.602,51 €

7. SEGUIMIENTO E CONTROL.

O presente Plan económico financeiro de obrigada elaboración como consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do exercicio de 2024, se presentará pola Alcaldía ao Pleno municipal para a súa aprobación no prazo máximo de 2 meses e a posta en marcha no prazo de 3 meses. O control será realizado polo órgano de Tutela Financeira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención anuais (aprobación do orzamento, liquidación...) e trimestrais (de remisión de información económica-orzamentaria) nos que se poñerá de manifesto si se están a cumprir os obxectivos marcados.

No cumprimento do artigo 9.2 da Orde HAP 2015/2012, este plan remitirase ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación PEFEL habilitada na Oficina Virtual das entidades locais e

darase conta da aprobación do mesmo á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, Xunta de Galicia.

En Fene, asinado dixitalmente o 19 de maio de 2025 pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple, logo de obter 8 votos a favor (7 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego 1 do grupo Mixto municipal) e 9 abstencións (6 do grupo municipal do Partido Popular e 3 do grupo municipal Socialista)

A vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Fene nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal, ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación PEFEL habilitada na Oficina Virtual das entidades locais, á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia así como á Comisión Nacional da Administración Local.

TERCEIRO.- Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.”

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente da súa razón, coa prevención que sinala o artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da alcaldesa.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria, Estefanía Manteiga Lamas e a alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.

0-0
096
151
P-
F-
C.I.

CVD: JpsQDEJgRlJlZTt77JdJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.